

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Asunto: *Aprobación e ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico entre o Concello de Carballo e os propietarios da parcela coa referencia catastral 5456929NH2855N0001XM). Expediente 2023/U039/000021.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 1 de xullo de 2024, acordou:

Primeiro.- Aprobar e ratificar o texto definitivo do convenio urbanístico para a execución do planeamento, que foi negociado e subscrito polo concello de Carballo e polos propietarios da parcela situada a carón do Centro de Saúde de Carballo, con referencia catastral 5456929NH2855N0001XM.

Segundo.- Notificar e emprazar ás persoas interesadas, para os efectos de que se asine o convenio urbanístico arriba referenciado, nun prazo de quince días desde a notificación da aprobación do texto definitivo. Transcorrido este prazo sen que o convenio fose asinado, quedará sen efecto.

Terceiro.- Publicar o texto íntegro do convenio, xunto co seu acordo de aprobación no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello.

Cuarto.- Anotar o nome do Convenio no Rexistro de convenios do Municipio e custodiar un exemplar completo do texto definitivo do mesmo e de toda a súa documentación anexa no arquivo administrativo municipal.

O texto íntegro do convenio pode consultarse neste taboleiro.

En Carballo, 24 de xullo de 2024 (asinado dixitalmente á marxe)

O alcalde – Evencio Ferrero Rodríguez